

Addenda da programación didáctica

**(Modificacións referidas ao apartado “Criterios sobre a avaliación,
a cualificación e a promoción” para todos os niveis da ESO)**

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Curso 2021—2022

IES As Telleiras

Este documento ten por obxecto actualizar a programación didáctica do Departamento de Lingua Castelá e Literatura para o curso 2021–22, e así adaptala aos cambios legislativos introducidos neste curso en relación á normativa sobre a avaliación no ensino secundario no sistema educativo de Galicia.

Deste xeito introdúcense as seguintes modificacións:

1. Elimínanse os apartados 1.1.5.3, 1.2.5.3, 1.3.6.3, 1.4.6.3, 3.1.5.3 referidos a avaliación extraordinaria: seguindo a normativa vixente, este curso non haberá probas extraordinarias, polo que queda anulado todo o que se recolle nesas parágrafos.
2. Pola mesma razón quedan sen vigor as referencias ás probas extraordinarias para o alumnado coa materia (1.1.6, 1.2.6, 1.3.7).
3. Tal como indica a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, no período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria realizaranse actividades de apoio, reforzo e ampliación. Neste senso, o departamento de Lingua Castelá e Literatura acorda:

- 3.1. Realizar actividades de apoio e reforzo para o alumnado que non consiga o aprobado despois da 3ª avaliación, encamiñadas a facilitar que dito alumnado poida aprobar a materia nunha proba de recuperación que se realizará antes da avaliación final. Nesta proba entrarán todos os contidos do curso e para aprobala será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 4,5.

O alumnado coa materia pendente que non aprobe polos criterios indicados na programación terán dereito a unha proba de recuperación de toda a materia.

- 3.2. Realizar actividades de ampliación para o alumnado que, tras a 3ª avaliación, teña a materia aprobada.

Estes cambios tamén afectan ás Presentacións de materia de todos os niveis da ESO.

Mantéñense todos os demais criterios referidos á avaliación que se recollen na programación didáctica do departamento:

- Cálculo da nota de cada avaliación: suma das notas obtidas a través dos distintos instrumentos establecidos (exames, controis, tarefas, lecturas, traballo diario) co peso estipulado.
- Cálculo da nota final: media aritmética entre as tres avaliacións. Considérase que aproba a materia aquel alumnado que teña unha media aritmética igual ou superior a 4,5.
- Alumnado coa materia pendente do curso anterior: media aritmética entre os dous parciais (exame + fichas); en caso de suspender: exame final.